

O PSdeG preguntará en Meira, Palas, Sarria e Cervo polo rexeitamento do plan de aforro enerxético da Deputación

Os socialistas pedirán explicacións nos Plenos despois de que os gobernos locais destes municipios non se acolleran a un plan provincial que non supón custo para o Concello e que pode supoñer un 20 % de aforro no gasto eléctrico

O PSdeG de Lugo anuncia que o grupo socialista pedirá explicacións nos vindeiros Plenos municipais de Meira, Palas, Sarria e Cervo despois de coñecer que os gobernos locais destes municipios rexeitaron sumarse ao plan da Deputación que ofrece revisar de xeito gratuíto a facturación eléctrica aos municipios que integran o Clube dos Renovables, e que pode supoñer un 20% de aforro na factura do gasto enerxético local.

“Non entendemos as razóns que levan a estes concellos a rexeitar unha iniciativa que non supón ningún custo para as arcas municipais e que é unha oportunidade para o aforro de enerxía”, afirman os socialistas, que ven nesta decisión “unha irresponsabilidade e unha oportunidade perdida” que amosa “razóns que deixan nun segundo plano as necesidades e as melloras da calidade de vida dos veciños e veciñas destas localidades”.

O plan da Deputación provincial revisa gratis a facturación eléctrica para que os concellos obteñan o máximo aforro no gasto eléctrico e eviten posibles situacións de abuso por parte das compañías. A institución luguesa asume todos os custos, realizando estes traballos con medios propios. Técnicos da Axencia Provincial da Enerxía, posta en marcha con fondos da Unión Europea, realizan estudos personalizados e ofrecen asesoramento in situ a cada un dos municipios adheridos. Os concellos evitan así mesmo investir os 5.000 euros que, segundo os prezos do mercado, custa a revisión e control da facturación eléctrica. Ademais, un Concello medio da provincia con 5.000 habitantes, que paga ao ano 200.000 euros pola luz, pode aforrar con esta iniciativa un máximo 40.000 euros.

Lugo, 8 de abril de 2013